

Federación Galega de Espeleoloxía

Material necesario

- Equipo persoal e material colectivo para verticais, xa que a maioría das cavidades son simas (*algares*).
- Para visitar o Algar do Pena é preciso un mono limpo.
- Saco de durmír e estera. O refuxio ten cociña, baños e duchas.

Localización

Centro de Interpretación de Alvados - Porto de Mos (Portugal).

39°33'07"N 8°46'30"W (WGS84)

Mapas proporcionados por Google Maps




Foto: Gralhas VII

XVI CAMPAMENTO GALEGO EXTRATERRITORIAL DE ESPELEOLOXÍA

10, 11 E 12 DE OUTUBRO DE 2015

Alvados - Porto de Mos (Portugal)

O 5 de outubro é a data límite para a inscrición na actividade, debéndose notificar á organización, que corre a cargo do Espeleo Club Aradelas, de Vigo: espeleoclubaradelas@yahoo.es

Deberán aportarse os seguintes datos:

- Nome e apelidos.
- DNI.
- Clube da FGE ao que pertence.
- Teléfono de contacto.
- Correo electrónico de contacto.

Para poder participar no campamento, é imprescindible estar en posesión da licenza federativa do ano en curso na modalidade B ou B1 (internacional) da FGE ou de calquera outra federación pertencente á CEC. Os menores de idade precisan de permiso paterno (que custodiará o clube) e acudir tutelados por un adulto.

A inscrición será de balde para tódolos federados da FGE, tendo que aboar 10€ os demais participantes, e dará dereito ó aloxamento gratuito no refuxio da Federación Portuguesa de Espeleoloxía en Alvados as noites do 10 e 11 de outubro.

Os participantes virán equipados con material espeleolóxico de progresión horizontal e vertical, tanto individual como colectivo.

A organización non se responsabiliza de posibles accidentes que poidan acontecer.

Calquera outra situación ou dúbida non prevista por este Regulamento será resolta pola organización.

Non esquezas: realizar un traballo en equipo, fundamento da exploración espeleolóxica.

O campamento terá como escenario o entorno do Parque Natural das Serras de Aire e Candeeiros (Portugal), no que se atopa o macizo calcáreo de Porto de Mos (ou tamén *Maciço Calcáreo Estremenho*), que é o máis importante a nivel espeleolóxico do país veciño.

Ademáis, se propoñen outras actividades de interese relacionadas coa espeleoloxía e a rica xeodiversidade local:

- Centro Ciencia Viva do Alviela - Carsoscopio.
- Centro de interpretación subterráneo da gruta Algar do Pena.
- Polje de Minde.
- Anfiteatro da Fórnea.
- Praia xurásica do Cabeço da Ladeira.
- Xacemento de pegadas de dinosaurios de Vale de Meios.

O acceso a estes lugares é libre, a excepción dos centros. Se estás interesado en visitar ditos centros, informa á organización cando te inscribas.

Se remitirá ós clubes un dossier con toda a información necesaria sobre o campamento.

Programa de actividade

Sábado, 10/10/2015:

- Recepción de participantes no refuxio da FPE en Alvados.
- Visita a cavidades.
- Actividades alternativas.
- Concerto nocturno de 'Xenderal'.

Domingo, 11/10/2015:

- Visita a cavidades.
- Actividades alternativas.
- Cea de confraternización*

*Realizarase nun restaurante próximo ao refuxio. Os gastos serán por conta dos participantes.

Luns, 12/10/2015:

- Volta a casa.

Ter en conta que en Portugal é unha hora menos.